



## **ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL**

### **SESIÓN EXTRAORDINARIA DO 29 DE NOVEMBRO DE 2018**

#### **ASISTENTES:**

##### **Alcalde- Presidente:**

D. José Luis Oujo Pouso.

##### **Concelleiros:**

D<sup>a</sup>. María José Maneiro Quintáns.

D. José Manuel Deán Pouso.

D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> Magdalena Pérez Millares

##### **Secretario:**

D. José Manuel González García.

Na Alcaldía- Presidencia da **Casa do Concello** de Porto do Son, sendo as **13:30** horas do día **29 de novembro de 2018**, réunese a Xunta de Goberno Local en **sesión extraordinaria**, baixo a presidencia do Alcalde- Presidente, D. José Luis Oujo Pouso, coa asistencia dos Sres. concelleiros que se relacionan á marxe.

A Xunta de Goberno Local está asistida polo secretario da Corporación, D. José Manuel González García, que dá fe do acto.

Unha vez comprobada polo secretario a válida constitución da Xunta de Goberno Local, posto que asisten a maioría absoluta dos seus integrantes, o Sr. Alcalde- Presidente abre a sesión.

De seguido, a Xunta de Goberno Local procede á deliberación e votación dos asuntos incluídos na **ORDE DO DÍA**, e que se relacionan a continuación:

#### **1.- APROBACIÓN DE ACTAS.**

1.1.- Acta do 23 de novembro de 2018.

#### **2.- LICENZAS URBANÍSTICAS E DE ACTIVIDADE.**

2.1.- Licenza de obra. Expediente 260/2017.

2.2.- Comunicacóns previas.

#### **3.- REPOSICIÓN DA LEGALIDADE URBANÍSTICA.**

3.1.- Arquivo de procedemento de reposición da legalidade urbanística.

3.2.- Arquivo de procedemento de reposición da legalidade urbanística.

#### **4.- EXPEDIENTES DA ÁREA ECONÓMICA.**

4.1.- Recoñecemento extraxudicial de crédito nº 48/2018.

4.2.- Modificación de porcentaxes de gasto en gasto plurianual.

#### **5.- RELACIÓNS CON OUTRAS ADMINISTRACIÓNS.**

5.1.- Conformidade do concello a actuacións promovidas por outras Administracións.

#### **6.- XESTIÓN PATRIMONIAL.**

4.1.- Autorización para o uso do Viveiro de Empresas municipal.

4.2.- Resolución de contratos de cesión de uso de locais do Viveiro de Empresas municipal.

## 7.- ASISTENCIA PERMANENTE AO ALCALDE NO EXERCICIO DAS SÚAS ATRIBUCIÓN.

\*\*\*

### **1. APROBACIÓN DE ACTAS.**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, **APROBA** a acta correspondente á sesión extraordinaria do 23 de novembro de 2018.

### **2. LICENZAS URBANÍSTICAS E DE ACTIVIDADE.**

A Xunta de Goberno Local, órgano competente para a adopción deste acordo de conformidade coa delegación de competencias efectuada mediante o decreto núm. 406/2015, do 18 de xuño, imponlle ás **licenzas e ás comunicacións previas urbanísticas**, as seguintes **condicións xerais**, de obrigado cumprimento:

1/ As licenzas outórgase **sen prexuízo de terceiros**, deixando a **salvo o dereito de propiedade** e doutras autorizacións administrativas, sen que se poida invocar a licenza para excluír ou dirimir a responsabilidade civil ou penal na que incorreran os beneficiarios no exercicio das súas actividades.

2/ No caso de ser imprescindible a **ocupación da vía pública**, debe obterse a preceptiva licenza municipal de ocupación de vía pública e, unha vez rematada a obra, deberán repoñerse os desperfectos que se causaran á vía.

3/ Faise advertencia expresa que na execución das obras deberán adoptarse as **medidas que en materia de seguridade e saúde no traballo** veñan esixidas pola normativa na materia en vigor, especialmente no Real Decreto 1627/1997, de 14 de marzo.

4/ **Finalizadas as obras** debe comunicarse ao concello esta circunstancia a fin de efectuar as comprobacións pertinentes, así como a **liquidación definitiva de tributos** e outorgamento das licenzas que procedan.

5/ **Prazo de execución**: a obra debe iniciarse no prazo máximo de 6 meses dende a notificación do outorgamento da licenza e deberá estar rematada no prazo máximo de 3 anos, a contar dende esa mesma data, non sendo posible interromper as obras por tempo superior a 6 meses.

No caso de tratarse de obras menores, o prazo non poderá exceder de 3 meses para o inicio e de 12 meses para o remate, non podendo interromperse por tempo superior a 6 meses.

6/ As obras deben realizarse coas debidas condicións de **seguridade e solidez**.

7/ En caso de perda de vixencia das **autorizacións sectoriais pertinentes** deberán renovarse non sendo posible a continuación das obras sen cumprir este trámite.

8/ Nas obras que se **executasen con inobservancia das condicións da licenza ou comunicación** serán sancionadas por **infracción urbanística** as persoas físicas ou xurídicas responsables delas en calidade de promotor das obras, propietario dos terreos ou empresario das obras, así como os técnicos redactores do proxecto e directores das obras. Neste sentido, todo técnico, polo só feito de asinar unha solicitude de licenza de obra, declara coñecer as condicións que se esixen e a normativa urbanística aplicable ao Concello de Porto do Son, aceptando as responsabilidades que se deriven da súa aplicación.



Os arquitectos directores das obras son responsables mancomunadamente cos propietarios, das infraccións das normas urbanísticas sempre que ao advertir calquera circunstancia pola que se aparten das condicións en que se concedan as licenzas, non o comuniquen por escrito ao Concello.

9/ Será requisito indispensable en tódalas obras dispor ao pé da obra de **copia da licenza ou comunicación previa**, e **nas obras maiores do cartel indicador** no que se faga constar o nome e os apelidos dos técnicos directores e do contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai destinar a construción, número de plantas autorizadas, prazo de execución das obras, data de outorgamento da licenza e o número de expediente.

10/ De ser oportuno, recórdase ao solicitante que antes do comezo das obras deberá solicitar ao Concello a **acta de comprobación de aliñacións**.

11/ No caso de obra maior, finalizadas as obras deberá solicitar a oportuna **licenza de primeira ocupación**, de conformidade co sinalado na Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

12/ Debe darse cumprimento ao Decreto 105/2008, de 1 de febreiro, polo que se regula a **producción e xestión dos residuos de construción e demolición**. O artigo 4, relativo ás Obrigas do produtor de residuos de construción e demolición, apartado c, sinala: *“dispoñer da documentación que acredite que os residuos de construción e demolición realmente producidos na súas obras foron xestionados, no seu caso, na obra ou entregados a unha instalación de valorización ou de eliminación para o seu tratamento por xestor de residuos autorizado, nos termos recollidos neste Real Decreto, e, en particular, no estudo de xestión de residuos na obra o nas súas modificacións. A documentación correspondente a cada ano natural deberá manterse durante os cinco anos seguintes.*

13/ Debe respectarse o establecido no artigo 91 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, isto é, as construcións e instalacións deberán adaptarse ao ambiente no que estivesen situadas, polo que:

- A tipoloxía das construcións e os materiais e cores empregados deberán favorecer a integración no entorno inmediato e na paisaxe.
- As construcións deberán presentar todos os seus paramentos exteriores e cubertas totalmente terminados.

## 2.1) **LICENZA DE OBRA. EXPEDIENTE 260/2017**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus asistentes, **adopta o seguinte ACORDO:**

“Visto que a Comunidade de Montes Veciñais de Baroña solicitou o 24/11/2017 (r.e. 7279) licenza municipal para **“construción de Centro de Xestión Forestal e apoio á explotación forestal”** na parcela situada no lugar Campanario, parroquia de Baroña, coa referencia catastral 15072A010014660000PY, segundo proxecto básico redactado pola arquitecta Dna. M. P\*\* de data maio de 2018.

Vista a documentación que obra no expediente administrativo nº **260/2017** e, en particular, o informe dos servizos técnicos municipais de data 28/11/2018 e o informe de Secretaría do 29/11/2018.

Considerando o establecido no art. 143 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia sobre o procedemento de outorgamento das licenzas urbanísticas.

### **ACORDA:**

**PRIMEIRO.-** Conceder a Comunidade de Montes Veciñais de Baroña a licenza municipal



para “**construción de Centro de Xestión Forestal e apoio á explotación forestal**”, situado na parcela sita no lugar de Campanario – Baroña, coa referencia catastral 15072A010014660000PY segundo proxecto básico redactado pola arquitecta Dna. M. Pilar García Alboreda de data maio de 2018, condicionada en todo momento ao cumprimento das prescricións xerais das normas urbanísticas de aplicación e ás condicións que se detallan a continuación:

**Obxecto da solicitude:**

Preséntase solicitude de licenza de obras para a construción de Centro de xestión e apoio á explotación forestal dos montes de Baroña en solo clasificado no vixente Plan Xeral de Ordenación Municipal como Solo Rústico de protección Ordinaria.

**Clasificación urbanística do solo:**

Segundo o plano nº Serie O-2, folla 4-B do PXOM, a parcela na que se proxecta a edificación está clasificada como **Solo Rústico de protección Ordinaria**

**Condicións de edificación:**

A parcela na que se pretende edificar ten, segundo a documentación aportada, 145.269m<sup>2</sup>, polo que cumpre coa superficie mínima de parcela esixida, que son 2.000m<sup>2</sup>. A superficie ocupada pola edificación en planta é dun 0,23%, polo que está por debaixo 20%, que é a máxima permitida.

A edificación respecta o recuado mínimo esixido de 5m a lindeiros.

**Condicións particulares:**

- As obras axustaranse ao proxecto básico de data Maio 2018 modificado por documentación de data setembro 2018 e polos planos e memoria presentados o 27.11.2018, asinado pola arquitecta Dona MP\*\*
- Achegarase proxecto de execución que desenvolva o proxecto básico presentado, así como nomeamento de dirección de obra, dirección de execución e coordinación de seguridade e saúde, antes do inicio das obras, ou nun prazo máximo de tres meses dende a notificación da licenza.
- A evacuación e tratamento de augas residuais resolverase mediante conexión á rede pública de saneamento.
- As obras axustaranse a tódalas normativas técnicas, urbanísticas, de salubridade, seguridade e medioambientais que lle resulten de aplicación.
- Farase constar no rexistro da propiedade a vinculación da superficie exixible á construción e ao uso autorizados, expresando a indivisibilidade e as concretas limitacións ao uso e á edificabilidade impostas polo título habilitante de natureza urbanística ou a autorización autonómica

**SEGUNDO.-** Ordenar ao solicitante o íntegro cumprimento das **cláusulas xerais** de aplicación a todas as licenzas de obra.



**TERCEIRO.-** Aprobar a liquidación tributaria do Imposto sobre Construcións, instalacións e obras e a liquidación tributaria definitiva da taxa de tramitación, imputando o recoñecemento do dereito aos conceptos orzamentarios correspondentes, relativa ao expediente arriba referenciado, que a continuación se indica:

Base imponible ICIO: orzamento	Tipo de gravame ICIO	Cota tributaria ICIO	Taxa de tramitación		PENDENTE PAGO
235.000,00 euros	2,7%	6.345,00 euros	Taxa pagada	1.151,50 €	<b>6.368,50 euros</b>
			Taxa definitiva	1.175,00 €	
			<b>Liquidación</b>	<b>23,50 €</b>	

**CUARTO.-** Unha vez finalizada a construción, instalación ou obra e tendo en conta o seu custe real e efectivo, o Concello, mediante a oportuna comprobación administrativa realizada polos servizos técnicos municipais, modificará no seu caso, a base imponible practicando a correspondente liquidación definitiva en relación ao Imposto de Construcións, instalacións e obras e esixindo ao suxeito pasivo ou reintegrándolle no seu caso, a cantidade que corresponda.

**QUINTO.-** Notificar a presente resolución ao interesado con expresión do réxime de recursos aplicables, así como prazo e forma en que debe ser satisfeita a débeda tributaria”.

## **2.2) COMUNICACIÓNS PREVIAS DE OBRA.**

### **2.2.1- Expediente nº 109/2018**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus asistentes, **adopta o seguinte ACORDO:**

**PRIMEIRO.-** Tomar coñecemento e declarar completa a comunicación previa presentada por D<sup>a</sup>. C\*\* o 06/06/2018 (r.e 3415) para realizar obras de **“mantemento da fachada e de muro de bloque”** en Xío, nº 3 de Porto do Son, referencia catastral 9500309MH9390S0000OU.

**Outras condicións:** o muro de fábrica solicitado localízase na fronte no seu lateral dereito na súa separación coa finca lateral, e só poderá construírse ata o límite da liña de edificación e cumprirá coas condicións establecidas para os peches por aplicación do PXOM de Porto do Son.

**SEGUNDO.-** Aprobar a liquidación tributaria do Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO), imputando o recoñecemento do dereito ao concepto orzamentario correspondente, e requirir o pago ao obrigado tributario:

Base imponible ICIO (Orzamento execución material)	Tipo de gravame ICIO	Cota tributaria ICIO
2.175,00 euros	2%	<b>43,50 euros</b>

**TERCEIRO.-** Unha vez finalizada a construción, instalación ou obra e tendo en conta o seu custe real e efectivo, o Concello, mediante a oportuna comprobación administrativa realizada polos servizos técnicos municipais, modificará no seu caso, a base imponible practicando a correspondente liquidación definitiva en relación ao Imposto de Construcións, instalacións e obras e esixindo ao suxeito pasivo ou reintegrándolle no seu caso, a cantidade que corresponda.



**CUARTO.-** Notificar a presente resolución ao interesado con expresión do réxime de recursos aplicables, así como prazo e forma en que debe ser satisfeita a débeda tributaria”.

### 2.2.2- Expediente nº 126/2018

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus asistentes, **adopta o seguinte ACORDO:**

**PRIMEIRO.-** Tomar coñecemento e declarar completa a comunicación previa presentada por D. M\*\* o 20/06/2018 (r.e 3782) para realizar obras de **”construción dun cobertizo”** na parcela situada no lugar de Seráns, s/n- Porto do Son coa referencia catastral 15072A033009900001AZ.

**SEGUNDO.-** Aprobar a liquidación tributaria do Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO), imputando o recoñecemento do dereito ao concepto orzamentario correspondente, e requirir o pago ao obrigado tributario:

Base imponible ICIO (Orzamento execución material)	Tipo de gravame ICIO	Cota tributaria ICIO
4.220,00 euros	2%	<b>84,40 euros</b>

**TERCEIRO.-** Unha vez finalizada a construción, instalación ou obra e tendo en conta o seu custe real e efectivo, o Concello, mediante a oportuna comprobación administrativa realizada polos servizos técnicos municipais, modificará no seu caso, a base imponible practicando a correspondente liquidación definitiva en relación ao Imposto de Construcións, instalacións e obras e esixindo ao suxeito pasivo ou reintegrándolle no seu caso, a cantidade que corresponda.

**CUARTO.-** Notificar a presente resolución ao interesado con expresión do réxime de recursos aplicables, así como prazo e forma en que debe ser satisfeita a débeda tributaria”.

### 2.2.3- Expediente nº 129/2018

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus asistentes, **adopta o seguinte ACORDO:**

**PRIMEIRO.-** Tomar coñecemento e declarar completa a comunicación previa presentada por D. R\*\* en representación de “R CABLE Y TELECOMUNICACIONES, SAU” o 21/06/2018 (r.e 3859) para realizar obras de **”canalización de telecomunicacións”** na rúa da Igrexa, en Porto do Son.

**Outras condicións:** se é necesaria a ocupación da vía pública deberá formularse a correspondente solicitude.

**SEGUNDO.-** Aprobar a liquidación tributaria do Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO), imputando o recoñecemento do dereito ao concepto orzamentario correspondente, e requirir o pago ao obrigado tributario:

Base imponible ICIO (Orzamento execución material)	Tipo de gravame ICIO	Cota tributaria ICIO
1.786,93 euros	2%	<b>35,74 euros</b>

**TERCEIRO.-** Unha vez finalizada a construción, instalación ou obra e tendo en conta o seu custe real e efectivo, o Concello, mediante a oportuna comprobación administrativa realizada



polos servizos técnicos municipais, modificará no seu caso, a base imponible practicando a correspondente liquidación definitiva en relación ao Imposto de Construcións, instalacións e obras e esixindo ao suxeito pasivo ou reintegrándolle no seu caso, a cantidade que corresponda.

**CUARTO.-** Notificar a presente resolución ao interesado con expresión do réxime de recursos aplicables, así como prazo e forma en que debe ser satisfeita a débeda tributaria”.

#### **2.2.4- Expediente nº 160/2018**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus asistentes, **adopta o seguinte ACORDO:**

**PRIMEIRO.-** Tomar coñecemento e declarar completa a comunicación previa presentada por D. R\*\* en representación de “R CABLE Y TELECOMUNICACIONES, SAU” o 27/07/2018 (r.e 4549) para realizar obras de “**canalización de telecomunicacións**” no núcleo de Portosín.

**Outras condicións:** se é necesaria a ocupación da vía pública deberá formularse a correspondente solicitude.

**SEGUNDO.-** Aprobar a liquidación tributaria do Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO), imputando o recoñecemento do dereito ao concepto orzamentario correspondente, e requirir o pago ao obrigado tributario:

Base imponible ICIO (Orzamento execución material)	Tipo de gravame ICIO	Cota tributaria ICIO
7.073,54 euros	2%	<b>141,47 euros</b>

**TERCEIRO.-** Unha vez finalizada a construción, instalación ou obra e tendo en conta o seu custe real e efectivo, o Concello, mediante a oportuna comprobación administrativa realizada polos servizos técnicos municipais, modificará no seu caso, a base imponible practicando a correspondente liquidación definitiva en relación ao Imposto de Construcións, instalacións e obras e esixindo ao suxeito pasivo ou reintegrándolle no seu caso, a cantidade que corresponda.

### **3. REPOSICIÓN DA LEGALIDADE URBANÍSTICA.**

#### **3.1) ARQUIVO DE PROCEDEMENTO DE REPOSICIÓN DA LEGALIDADE URBANÍSTICA.**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus asistentes, **adopta o seguinte ACORDO:**

##### **ANTECEDENTES**

**Primeiro.** A Xunta de Goberno Local acordou o 19/04/2018 iniciar un procedemento de reposición da legalidade urbanística a UNIÓN FENOSA DISTRIBUCIÓN, SA pola execución das obras de substitución dun poste e desmontaxe do tendido aéreo dunha liña eléctrica de baixa tensión no lugar de Foloña, s/n – Nebra, á altura da parcela con referencia catastral 002301700NH03A0001TH, sen dispor de título habilitante de natureza urbanística.

**Segundo.-** O 04/10/2018 a Xunta de Goberno Local resolveu o expediente de reposición da legalidade urbanística requirindo a UNIÓN FENOSA DISTRIBUCIÓN, SA para a legalización das obras, outorgándolle para iso un prazo de 3 meses.



**Terceiro.-** O interesado instou a legalización da obra executada (expediente de obra 006/2018) e, logo de achegar a documentación que lle fora requirida, os servizos técnicos municipais informaron o 19/11/2018 que a comunicación previa estaba completa.

**Cuarto.-** A Xunta de Goberno Local, en data 23/11/2018, tomou coñecemento e declarou completa a comunicación previa presentada por UNIÓN FENOSA DISTRIBUCIÓN, SA para a legalización das obras referidas.

## **FUNDAMENTOS DE DEREITO**

**Único.-** O art. 152.3.b) LSG establece que “*instruído o expediente de reposición da legalidade e previa audiencia do interesado, adoptárase algún dos seguintes acordos:*  
(...)”

- a) *Se as obras ou os usos puideran ser legalizables por se compatibles co ordenamento urbanístico, requirirase ao interesado para que no prazo de tres meses presente a solicitude da oportuna licenza ou comunicación previa correspondente, manténdose a suspensión das obras e usos en tanto esta non fose outorgada ou non se presentase a comunicación previa. En caso de que se denegue a licenza ou non se cumpran os requisitos legais para a comunicación previa, acordarase a demolición das obras a costa do interesado, procedéndose a impedir definitivamente os usos a que houberen dado lugar”.*

Tendo en conta que as obras que motivaran o inicio do procedemento de reposición da legalidade urbanística se declararon axustadas á normativa urbanística aplicable, ese procedemento perdeu o seu obxecto e, en consecuencia, procede o seu arquivo.

Visto canto antecede, **RESOLVE:**

**PRIMEIRO.-** Arquivar o procedemento de reposición da legalidade urbanística iniciado a UNIÓN FENOSA DISTRIBUCIÓN, SA pola execución das obras de substitución dun poste e desmontaxe do tendido aéreo dunha liña eléctrica de baixa tensión no lugar de Foloña, s/n – Nebra, á altura da parcela con referencia catastral 002301700NH03A0001TH, sen dispor de título habilitante de natureza urbanística.

**SEGUNDO.-** Notificar este acordo aos interesados con expresión do réxime de recursos aplicable.”

### **3.2) ARQUIVO DE PROCEDEMENTO DE REPOSICIÓN DA LEGALIDADE URBANÍSTICA.**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus asistentes, **adopta o seguinte ACORDO:**

#### **ANTECEDENTES**

**Primeiro.-** A Xunta de Goberno Local acordou o 04/10/2018 iniciar un procedemento de reposición da legalidade urbanística a D. RJ\*\* e Dna. AF\*\* pola execución das obras de pola execución das obras de construción dun muro de contención sen dispor de título habilitante de natureza urbanística na parcela situada no lugar de O Pozo, 19 (Goiáns), que ten a referencia catastral 3626905NH0332N0001SU.





**Segundo.-** O interesado instou a legalización da obra executada (expediente de obra 234/2018) o 08/10/2018(r.e 5920) para realizar obras de “**legalización de muro e peche e reposición do muro en rampla**” e os servizos técnicos municipais informaron o 05/11/2018 que a comunicación previa estaba completa.

**Cuarto.-** A Xunta de Goberno Local, en data 09/11/2018, tomou coñecemento e declarou completa a comunicación previa presentada por D. RJ\*\* e Dna. AF\*\* para a legalización das obras referidas.

## **FUNDAMENTOS DE DEREITO**

**Único.-** O art. 21.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas establece que nos casos de desaparición sobrevida do obxecto do procedemento a resolución consistirá na declaración da circunstancia que conorra en cada caso, con indicación dos feitos producidos e normas aplicables.

Tendo en conta que as obras que motivaran o inicio do procedemento de reposición da legalidade urbanística se declararon axustadas á normativa urbanística aplicable, ese procedemento perdeu o seu obxecto e, en consecuencia, procede o seu arquivo.

Visto canto antecede, **RESOLVE:**

**PRIMEIRO.-** Declarar a perda sobrevida do obxecto do procedemento de reposición da legalidade urbanística iniciado a D. RJ\*\* e Dna. AF\*\* pola execución das obras de pola execución das obras de construción dun muro de contención sen dispor de título habilitante de natureza urbanística na parcela situada no lugar de O Pozo, 19 (Goiáns), que ten a referencia catastral 3626905NH0332N0001SU.

**SEGUNDO.-** Alzar a medida cautelar de paralización das obras que se estaban a executar na parcela con referencia catastral 13626905NH0332N0001SU, ordenada por decreto da Alcaldía núm. 721/2018, do 3 de outubro.

**TERCEIRO.-** Notificar este acordo aos interesados con expresión do réxime de recursos aplicable.”

## **4. EXPEDIENTES DA ÁREA ECONÓMICA.**

### **4.1) RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITO Nº 48/2018.**

Vista providencia da Alcaldía pola que se dispón o inicio do expediente de recoñecemento extraxudicial de crédito nº 48/2018.

Vistas as memorias xustificativas elaboradas polas Concellerías Delegadas relativas aos gastos incluídos no expediente e o informe de Intervención do 28/11/2018.

Considerando o disposto no art. 184 do RD Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais e no art. 60.2 do RD 500/1990, do 20 de abril, e tendo en conta que se trata de aprobar xustificantes de gasto correspondentes a servizos prestados efectivamente e en aplicación do principio que prohibe o enriquecemento inxusto.

**ACORDA:**



**PRIMEIRO.-** Aprobar por recoñecemento extraxudicial os xustificantes de gasto que se indican, con imputación da autorización, disposición e liquidación do gasto ás aplicacións orzamentarias indicadas:

Nº de Entrada	Data	Nº de Documento	Data Dto.	Importe Total	Terceiro	Nome	Texto Explicativo	Programa	Económica
F/2018/3788	23/10/2018	7070219594	19/10/2018	32,55	A79206223	LYRECO ESPAÑA, S.A.	POLO SUBMINISTRO DUN PORTASINATURAS PARA O CONCELLO.	920	22000
F/2018/3793	23/10/2018	4457	15/10/2018	48,71	B70471222	RECAMBIOS BLANCO S.L.	POLO SUBMINISTRO DUNHA PLACA DE MATRICULA EUROPEA E UN XOGO DE ESPALDOS IMPERMIABLES PARA O VEHICULO 6714KHK.	161	21400
F/2018/3795	23/10/2018	A 20183546	15/10/2018	312,65	B15148893	SUMINISTROS BARBANZA, S.L.	POLO MATERIAL SUBMINISTRADO PARA REPARAR AVERIA NO SERVIZO DE AUGA MUNICIPAL EN CABEIRO.	161	21300
F/2018/3798	24/10/2018	103 01800603	30/09/2018	2178	B15467962	COGAMI RECICLADO DE GALICIA, S.L.	POLA XESTIÓN INTEGRAL DO PUNTO LIMPO, MES SETEMBRO.	1622	22799
F/2018/3801	25/10/2018	E18 99	25/10/2018	468,96	B15292220	MIYARES ELECTRICIDAD, S.L.	POLA REPARACIÓN REALIZADA NA ILUMINACIÓN DO COLEXIO DE SERANS.	323	21200
F/2018/3802	25/10/2018	E18 100	25/10/2018	1916,1	B15292220	MIYARES ELECTRICIDAD, S.L.	POLA REPARACIÓN REALIZADA NO ALUMEADO MUNICIPAL DE CARBALLOSA, DANOS CAUSADOS POLO VEHICULO CA MATRICULA 4871BLT.	165	21000
F/2018/3803	25/10/2018	AV20181010 4106	15/10/2018	63,53	B15244619	NEUMATICOS TINO, S.L.	POLA REPARACIÓN REALIZADA Á MOTOBOMBA MUNICIPAL CA MATRICULA 4526CWN.	136	21400
F/2018/3814	26/10/2018	A 12	24/10/2018	762,31	34889931N	JF**	POLO SUBMINISTRO DE ESTANTERIAS PARA A ESCOLA DE SERANS.	323	68901
F/2018/3820	29/10/2018	20183508	29/10/2018	38,72	B15203649	BOEL SEGURIDAD, S.L.	REPARACIÓN DO SISTEMA DE SEGURIDADE E COMPROBACIÓN DE TRANSMISIÓNS CA CENTRAL RECEPTORA DE ALARMAS.C. CULTURA RIBASIEIRA	330	21500



F/2018/3824	29/10/2018	18J 00451	29/10/2018	242,85	A01316637	A&B LABORATORIOS DE BIOTECNOLOGIA S.A. UNIPERSONAL	POLO SUBMINISTRO DE DESENGRASANTE PARA A CONSERVACIÓN DOS TRACTORES	450	21300
				157,30					
F/2018/3844	30/10/2018	1 476	30/06/2018	1.871,87 2.029,17	B70408430	LIMPIEZAS GALINOR, S. L.	POLA LIMPEZA REALIZADA NO VIVEIRO DE EMPRESAS E NO CENTRO DE SAUDE, MES XUÑO.	433 312	22700 22700
F/2018/3847	30/10/2018	95243644	29/10/2018	2045	A28076420	REPSOL BUTANO, S. A.	POLO SUBMINISTRO DE PROPANO PARA A PISCINA MUNICIPAL.	342	22102
F/2018/3849	31/10/2018	P2018 117	31/10/2018	907,5	B70248869	ORGANIZACIÓN Y GESTION DE PROYECTOS Y OBRAS S.L.	POLO MANTENIMENTO REALIZADO AS INSTALACIÓNS DE SANEAMENTO E DEPURACIÓN, MES OUTUBRO.	160	22799
F/2018/3850	31/10/2018	P2018 116	31/10/2018	1210	B70248869	ORGANIZACIÓN Y GESTION DE PROYECTOS Y OBRAS S.L.	POLO MANTENIMENTO REALIZADO AS INSTALACIÓNS DE ABASTECIMIENTO DE AUGA POTABLE, MES OUTUBRO.	161	22799
F/2018/3851	31/10/2018	P2018 118	31/10/2018	101,64	B70248869	ORGANIZACIÓN Y GESTION DE PROYECTOS Y OBRAS S.L.	POLOS ANALISIS REALIZADOS A AUGA DA PISCINA MUNICIPAL, MES OUTUBRO.	342	22799
F/2018/3852	31/10/2018	P2018 120	31/10/2018	594,41	B70248869	ORGANIZACIÓN Y GESTION DE PROYECTOS Y OBRAS S.L.	POLOS ANALISIS REALIZADOS A VERTIDOS DA EDAR E INSTALACIÓNS DE SANEAMENTO E DEPURACIÓN.	160	22799
F/2018/3853	31/10/2018	P2018 119	31/10/2018	931,7	B70248869	ORGANIZACIÓN Y GESTION DE PROYECTOS Y OBRAS S.L.	POLOS ANALISIS REALIZADOS Ó SERVIZO DE AUGA MUNICIPAL.	161	22799
F/2018/3855	31/10/2018	2018 43	31/10/2018	1391,5	B15841398	ARQUITAV ARQUITECTOS S. L. P.	POLO SERVIZO DE ASESORAMENTO PRESTADO NO DEPARTAMENTO DE URBANISMO, MES OUTUBRO.	151	22799
F/2018/3857	31/10/2018	A 4	31/10/2018	59,77	B15301732	CRISTALERIA FILGUEIRA S.L.	POLO SUBMINISTRO DUN METACRILATO INCOLORO PARA A CONSERVACIÓN DO TRACTOR MUNICIPAL.	450	21300
F/2018/3859	31/10/2018	E18 107	31/10/2018	3883,59	B15292220	MIYARES ELECTRICIDAD, S.L.	POLO MANTENIMENTO REALIZADO Ó ALUMEADO MUNICIPAL, MES OUTUBRO.	165	22799



F/2018/3860	31/10/2018	D01 10465	31/10/2018	82,28	B36112043	PEYCAR PONTEVEDR A, S.L.	POLO VESTIARIO SUBMINISTRADO PARA PERSOAL DE OBRAS.	161	22104
F/2018/3861	31/10/2018	PLX 3200	31/10/2018	726	B15726177	TECNOLOGI AS PLEXUS, S. L.	POLO MANTEMENTO REALIZADO OS EQUIPOS INFORMATICOS DO CONCELLO, DO 26/09/18 Ó 25/10/2018.	920	21600
F/2018/3862	01/11/2018	3343773909	01/11/2018	181,5	A50001726	SCHINDLER S. A.	POLO MANTEMENTO REALIZADO Ó ASCENSOR DA PRAZA DE ABASTOS, MES NOVEMBRO.	4312	21300
F/2018/3866	02/11/2018	2018/0001/0 29386	01/11/2018	97,80 97,81 195,61	A17735135	CITYLIFT, S.A.	POLO MANTEMENTO REALIZADO OS ASCENSORES DA CASA DO CONCELLO E DO MUSEO MAREA, MES OUTUBRO.	333 920	21300 21300
F/2018/3868	04/11/2018	4692	31/10/2018	60,96	B70471222	RECAMBIOS BLANCO S.L.	POLA REPARACIÓN REALIZADA Ó REMOLQUE DA ZODIAC DE PROTECCIÓN CIVIL.	135	21400
F/2018/3869	04/11/2018	7520180959 364	02/11/2018	307,59	A28141935	MAPFRE ESPAÑA COMPANÍA DE SEGUROS Y REASEGUR OS, S.A.	POLO SEGURO DO TRACTOR MUNICIPAL JOHN DEERE CA MATRICULA E9523BGP, DO 01/11/2018 Ó 01/11/2019.	450	22401
F/2018/3870	04/11/2018	7520180959 335	02/11/2018	160,43	A28141935	MAPFRE ESPAÑA COMPANÍA DE SEGUROS Y REASEGUR OS, S.A.	POLO SEGURO DO REMOLQUE DO TRACTOR RENAULT MUNICIPAL CA MATRICULA/BASTID OR E0003BCT, DO 01/11/2018 Ó 01/11/2019.	450	22401
F/2018/3871	04/11/2018	7520180959 356	02/11/2018	160,43	A28141935	MAPFRE ESPAÑA COMPANÍA DE SEGUROS Y REASEGUR OS, S.A.	POLO SEGURO DO REMOLQUE DO TRACTOR CASE, MATRICULA/BASTID OR 12560000052, DO 01/11/2018 Ó 01/11/2019.	450	22401



F/2018/3872	04/11/2018	7520180959 380	02/11/2018	163,51	A28141935	MAPFRE ESPAÑA COMPAÑIA DE SEGUROS Y REASEGUR OS, S.A.	POLO SEGURO DA BARREDORA KARCHER, MATRICULA/BASTID OR E8408BCT, DO 01/11/2018 Ó 01/11/2019.	163	22401
F/2018/3873	04/11/2018	7520180959 355	02/11/2018	307,52	A28141935	MAPFRE ESPAÑA COMPAÑIA DE SEGUROS Y REASEGUR OS, S.A.	POLO SEGURO DO TRACTOR MUNICIPAL JOHN DEERE, MATRICULA E7523BGV, DO 01/11/2018 Ó 01/11/2019.	450	22401
F/2018/3874	04/11/2018	7520180959 365	02/11/2018	178,06	A28141935	MAPFRE ESPAÑA COMPAÑIA DE SEGUROS Y REASEGUR OS, S.A.	POLO SEGURO DO TRACTOR MUNICIPAL RENAULT CELTIS, MATRICULA E3476BCM, DO 01/11/2018 Ó 01/11/2019.	450	22401
F/2018/3875	04/11/2018	7520180959 366	02/11/2018	249,15	A28141935	MAPFRE ESPAÑA COMPAÑIA DE SEGUROS Y REASEGUR OS, S.A.	POLO SEGURO DA CISTERNA DO TRACTOR MUNICIPAL, MATRICULA/BASTID OR E3077BGK, DO 01/11/2018 Ó 01/11/2019.	450	22401
F/2018/3885	05/11/2018	CD PDS 2018- 278	31/10/2018	3031,02	G32115941	COGAMI CONFEDERA CION GALEGA DE PERSOAS CON DISCAPACID ADE	POLA XESTIÓN DO CENTRO DE DIA, MES OUTUBRO.	231	47200
F/2018/4004	09/11/2018	1 813	31/10/2018	10,09 587,65 592,90 235,95 <u>1.426,59</u>	B70408430	LIMPIEZAS GALINOR, S. L.	POLA LIMPEZA REALIZADA NO MUSEO MAREA, NO CICB, NAS CASAS DE CULTURA DE QUEIRUGA E XUÑO E NO POLIDEPORTIVO, MES OUTUBRO.	333 333 330 342	22700 22700 22700 22700
F/2018/4008	09/11/2018	1 815	31/10/2018	235,95 167,87 52,35 <u>456,17</u>	B70408430	LIMPIEZAS GALINOR, S. L.	POLA LIMPEZA REALIZADA NO VIVEIRO DE EMPRESAS, NO ROUPEIRO MUNICIPAL E NO LOCAL MUNICIPAL SITO NA RUA CAMPO A TRAVES.	433 920 920	22700 22700 22700



F/2018/4027	09/11/2018	Rect-Emit-29	16/10/2018	314,6	B70130935	LIMPIEZAS NADELAS, S.L.	POLA LIMPEZA REALIZADA NO POLIDEPORTIVO MUNICIPAL DO COLEXIO DE XUÑO, MES AGOSTO.	342	22700
F/2018/4028	09/11/2018	Rect-Emit-28	16/10/2018	314,6	B70130935	LIMPIEZAS NADELAS, S.L.	POLA LIMPEZA REALIZADA NO POLIDEPORTIVO MUNICIPAL DO COLEXIO DE XUÑO, MES XULLO.	342	22700
F/2018/4114	09/11/2018	H 54	31/10/2018	12772,8	B70350111	SOOM MANAGEMENT, S.L.	POLOS SERVIZOS PRESTADOS DE ACTIVIDADES DEPORTIVAS, LIMPEZA E MANTEMENTO DA PISCINA MUNICIPAL, MES OUTUBRO.	342	22799
F/2018/4117	09/11/2018	H 55	31/10/2018	2123,6	B70350111	SOOM MANAGEMENT, S.L.	POR IMPARTIR CURSOS DE NATACIÓN NA PISCINA MUNICIPAL, MES OUTUBRO.	342	22799
F/2018/4120	09/11/2018	A 87806	31/10/2018	613,47	B15424047	INDUSTRIA QUIMICA RIO BLANCO, S.L.	POLO SUBMINISTRO DE HIPOCLORITO SODICO PARA O SERVIZO DE AUGA MUNICIPAL.	161	22106
F/2018/4121	09/11/2018	6460443601	30/10/2018	1126,62	A28161396	ASISTENCIA TECNICA INDUSTRIAL, S.A.E.	POLA INSPECCIÓN ELECTRICA DE BAIXA TENSIÓN REALIZADA EN ONCE ALUMEADOS MUNICIPAIS.	165	22706
F/2018/4126	09/11/2018	F00 6255	16/10/2018	17,93	B15111941	PROINDEX, S.L.	POLOS PRODUCTOS DE LIMPEZA E ASEO SUBMINISTRADOS PARA A CASA DE CULTURA DE CAAMAÑO.	330	22110
F/2018/4132	09/11/2018	966	31/10/2018	214,81 188,75 352,00 943,59 157,04 1.856,19	B15019110	FERVISAN, S.L.	POLO COMBUSTIBLE SUBMINISTRADO OS VEHICULOS E MAQUINARIA MUNICIPAL, MES OUTUBRO.	130 135 136 161 171	22103 22103 22103 22103 22103

**SEGUNDO.-** Dar conta do presente acordo á Intervención e Tesourería Municipais.”



#### **4.2) MODIFICACIÓN DE PORCENTAXES DE GASTO EN GASTO PLURIANUAL (expte. 512-2018).**

Dáse conta da proposta da Alcaldía do 29/11/2018, do seguinte teor:

*“Visto o EXPTE. 512/2018 de 27 de novembro de 2018, cos datos que se indican no cadro seguinte:*

<b>Obxecto do contrato</b>	“Adquisición de ben inmueble: Edificación Avenida de Galicia, 12 – Porto do Son” Referencia catastral 9706801MH9390N0001KM
<b>Código</b>	2018-2-I-12
<b>Aplicación orzamentaria</b>	920.62200
<b>Órgano competente</b>	Alcaldía
<b>Procedemento de licitación</b>	Directo
<b>Tramitación</b>	Ordinaria
<b>Créditos orzamentarios previstos</b>	270.000,00€
<b>Importe proposto para autorización do gasto</b>	250.000,00€
<b>Gasto plurianual</b>	Primeira anualidade: 100.000,00€. Segunda anualidade: 150.000,00€
<b>Propostos como adxudicatarios</b>	Fundación Visita Domiciliaria de la Medalla de la Virgen Milagrosa

*Tendo en conta que no Informe de Intervención de fiscalización previa limitada número 41/2018 deste expediente se indica a necesidade de aprobar a modificación das anualidades e importes do proxecto de gasto relativo á adquisición do ben inmueble sito en Avenida de Galicia, 12, Porto do Son, en cumprimento do artigo 174 do TRLFL.*

*Proponse que o proxecto de gasto con financiamento afectado 2018-2-I-12 se execute nas seguintes anualidades:*

- **2018: 102.719,91€.**
- **2019: 150.000,00€**

*Considerando que se está tramitando a venda dunha parcela municipal no ámbito de A Tarela e que o ingreso desta operación está afectando a gastos de investimento, proponse que para o caso de que se faga efectivo, se destine o financiamento desta adquisición, quedando as anualidades do seguinte xeito:*

- **2018: 127.272,67€.**
- **2019: 125.447,24€**

*Teño a ben elevar á Xunta de Goberno Local a **proposta de acordo** sinalada máis arriba, non obstante acordará o que estime oportuno.”*

Considerando que o Pleno da Corporación acordou na súa sesión do 25/06/2015 delegar na Xunta de Goberno Local a competencia para a ampliación do número de anualidades e a modificación á alza das porcentaxes a aplicar cada ano ao crédito orzamentario correspondente para determinar a cantidade máxima dos gastos plurianuais autorizados en cada ano, nos termos previstos na normativa reguladora das facendas locais.



---

**ACORDA:**

**PRIMEIRO.-** Aprobar a proposta da Alcaldía nos seus propios termos.

**SEGUNDO.-** Dar conta deste acordo á Intervención e Tesouraría municipais.

## **5. RELACIÓNS CON OUTRAS ADMINISTRACIÓNS.**

### **5.1) CONFORMIDADE DO CONCELLO A ACTUACIÓNS PROMOVIDAS POR OUTRAS ADMINISTRACIÓNS.**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus asistentes, **adopta o seguinte ACORDO:**

#### **“ANTECEDENTES**

**Primeiro.-** Na sesión do 12/07/2018, o Pleno da Corporación aprobou o “Convenio de colaboración entre a EPE Portos de Galicia e o Concello de Porto do Son para a conservación, mantemento e colaboración na execución das obras de acondicionamento do bordo interior de Porto do Son”, polo que Portos de Galicia se compromete a executar a obra “Acondicionamento do bordo interior de Porto do Son” cun orzamento previsto de 3.970.333,04 euros sen IVE.

Así mesmo, facultou ao Alcalde- Presidente para a realización de cantos trámites e xestións sexan precisos para o cumprimento do convenio cuxa subscripción se aproba.

**Segundo.-** O 23/11/2018 Portos de Galicia remitiulle ao Concello de Porto do Son o proxecto técnico da obra “Acondicionamento do bordo portuario de Porto do Son” e solicitou a conformidade municipal ao proxecto.

O orzamento definitivo do proxecto do investimento ten un importe de 3.977.022,27 euros sen IVE, o que representa un incremento de 6.689,23 euros (sen IVE) sobre o orzamento previsto no “Convenio de colaboración entre a EPE Portos de Galicia e o Concello de Porto do Son para a conservación, mantemento e colaboración na execución das obras de acondicionamento do bordo interior de Porto do Son”.

#### **FUNDAMENTOS DE DEREITO**

**Primeiro.-** O art. 5 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local establece que, para o cumprimento dos seus fins e no ámbito das súas competencias, as Entidades Locais, de acordo coa Constitución e as leis, terán plena capacidade xurídica para obrigarse.

**Segundo.-** O art. 26.1.a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local lle impón a todos os concellos a prestación, entre outros, dos servizos públicos de “*iluminación pública, (...), abastecemento domiciliario de auga potable, alcantarillado, acceso aos núcleos de poboación e pavimentación das vías públicas*”.

A execución do proxecto “Acondicionamento do bordo portuario de Porto do Son” contempla actuacións sobre os servizos detallados no parágrafo anterior que suporán a renovación e mellora das instalacións existentes na Avenida de Galicia e nas rúas adxacentes, polo que resulta do maior interese para a satisfacción do interese público municipal a súa execución.





**Terceiro.-** A Xunta de Goberno Local é o órgano competente para adoptar os acordos precisos en relación coa aprobación, contratación e execución de obras e proxectos da competencia do Pleno da Corporación, por delegación deste órgano acordada na sesión do 25/06/2015 (BOP da Coruña nº 128 do 09/07/2018).

Visto canto antecede, **RESOLVE:**

**Primeiro.-** Prestar a conformidade do Concello de Porto do Son ao proxecto construtivo das obras “Acondicionamento do bordo portuario de Porto do Son” redactado polos arquitectos CREUS E CARRASCO, S.L.P., de data novembro de 2018, remitido pola entidade pública empresarial Portos de Galicia e que ten un orzamento de 3.977.022,27 euros sen IVE (4.812.196,95 euros con IVE).

**Segundo.-** Estender a conformidade e aprobación do concello ao incremento de 6.689,23 euros (sen IVE) que experimenta o proxecto indicado sobre o importe previsto no “Convenio de colaboración entre a EPE Portos de Galicia e o Concello de Porto do Son para a conservación, mantemento e colaboración na execución das obras de acondicionamento do bordo interior de Porto do Son” aprobado polo Pleno da Corporación o 12/07/2018, de xeito que a cláusula “Cuarta.- Compromisos da EPE Portos de Galicia”, no seu apartado 1, queda establecida do seguinte teor:

*“1.- A licitación, contratación, dirección e execución das obras de “Acondicionamento do bordo portuario de Porto do Son”, que se recollen no proxecto construtivo de novembro de 2018.*

*O orzamento total do proxecto, supón un investimento de 3.977.022,27 euros, sen IVE, - ascendendo este imposto a 835.174,67-, con cargo aos orzamentos da EPE Portos de Galicia, e, sobre a base do establecido no artigo 12 da Lei 6/2017, de 12 de decembro, de Portos de Galicia e no artigo 58 do Decreto Legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Réxime Financeiro e Orzamentario de Galicia, e para os efectos do previsto na disposición adicional segunda da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de Transparencia e bo Goberno de Galicia, o gasto plurianual estará distribuído nas seguintes anualidades sen I.V.E.:*

- Exercicio 2018: 0 euros, mais IVE.*
- Exercicio 2019: 1.000.000 euros, mais IVE.*
- Exercicio 2020: 2.500.000 euros, mais IVE.*
- Exercicio 2021: 477.022,27 euros, mais IVE.”*

**Terceiro.-** Dar conta deste acordo a Portos de Galicia para o seu coñecemento e aos efectos oportunos.”

## **6. XESTIÓN PATRIMONIAL.**

### **6.1) AUTORIZACIÓN PARA O USO DO VIVEIRO DE EMPRESAS MUNICIPAL.**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus asistentes, **adopta o seguinte ACORDO:**



## **ANTECEDENTES**

**Primeiro.-** D<sup>a</sup>. M<sup>\*\*\*</sup> solicitou en data 10/10/2018 (r.e. núm. 5983) a cesión do uso dun local do Viveiro Municipal de Empresas para establecer a súa empresa dedicada á Limpeza.

**Segundo.-** A Comisión de Selección prevista no art. 6 da Ordenanza reguladora das condicións de acceso e utilización do Viveiro Municipal de Empresas de Porto do Son, logo de realizar os servizos técnicos municipais as comprobacións oportunas, reunida o 22/11/2018 avaliou con 4,50 puntos o proxecto.

## **FUNDAMENTOS DE DEREITO**

**Único.-** O art. 3 da Ordenanza reguladora das condicións de acceso e utilización do Viveiro Municipal de Empresas detalla os requisitos e condicións que han de reunir os emprendedores interesados para acceder ao uso do Viveiro de Empresas e o art. 4.3 dispón que, logo da avaliación da Comisión de Selección, lle compete á Xunta de Goberno Local a aprobación definitiva dos proxectos empresariais que accedan ao viveiro.

Visto canto antecede, **RESOLVE:**

**Primeiro.-** Aprobar o proxecto empresarial presentado por D<sup>a</sup>. M<sup>\*\*</sup> e autorizar a cesión do uso dun local do Viveiro Municipal de Empresas, por un prazo improrrogable de dous anos, para o establecemento da súa empresa.

**Segundo.-** Notificar este acordo ao interesado, con expresión do réxime de recursos aplicable, e requirilo para a formalización do contrato de cesión de uso.”

## **6.2) RESOLUCIÓN DE CONTRATOS DE CESIÓN DE USO DE LOCAIS DO VIVEIRO DE EMPRESAS MUNICIPAL.**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus asistentes, **adopta o seguinte ACORDO:**

### **ANTECEDENTES**

**Primeiro.-** A Xunta de Goberno Local, de conformidade co previsto nos arts. 3 e 4 da Ordenanza reguladora das condicións de acceso e utilización do Viveiro Municipal de Empresas, autorizou a cesión de uso de locais do Viveiro de Empresas municipal nas datas e aos empresarios que se relacionan:

- D. JM<sup>\*\*</sup>: despacho nº 2; cesión autorizada o 14/04/2016 e formalizada o 15/04/2016.
- D<sup>a</sup>. F<sup>\*\*</sup>: despacho nº 1; cesión autorizada o 03/06/2016 e formalizada o 17/06/2016.

**Terceiro.-** O orientador laboral do concello informou o 26/11/2018 que tanto D. JM<sup>\*\*</sup>a como D<sup>a</sup>. F<sup>\*\*</sup> causaran baixa de maneira voluntaria no uso dos locais que tiña cedidos o 22/10/2018 e o 24/05/2018, respectivamente.

## **FUNDAMENTOS DE DEREITO**



**Único.-** O art. 10 da Ordenanza reguladora das condicións de acceso e utilización do Viveiro Municipal de Empresas detalla as causas de resolución do contrato: “...serán causas de resolución do contrato as seguintes: - o cesamento da actividade”.

Visto canto antecede, **RESOLVE:**

**Primeiro.-** Resolver os contratos de cesión do uso de locais do Viveiro Municipal de Empresas que se relacionan:

- D. JM\*\*: despacho nº 2; cesión formalizada o 15/04/2016.
- D<sup>a</sup>. F\*\*: despacho nº 1; cesión formalizada o 17/06/2016.

**Segundo.-** Notificar este acordo ao interesado, con expresión do réxime de recursos aplicable.

## **7. ASISTENCIA PERMANENTE AO ALCALDE NO EXERCICIO DAS SÚAS ATRIBUCIÓN.**

A Xunta de Goberno Local, en uso da competencia conferida polos artigos 23 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local e 52, 53 e 46 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro que aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais (ROF), segundo os cales lle correspóndelle á Xunta de Goberno Local como atribución propia e indelegable a asistencia ao Alcalde no exercicio das súas atribucións aparte das atribucións que o Alcalde ou outro órgano municipal lle poidan delegar; procede a prestar a asistencia ao Alcalde- Presidente no exercicio das súas atribucións, sendo informada neste momento de todas as decisións de goberno do Alcalde- Presidente dende a anterior Xunta de Goberno Local.

E non habendo máis asuntos que tratar, de orde da Alcaldía- Presidencia, levántase a sesión, sendo as **14:20 horas**, do día **29 de novembro de 2018**, de todo o que se estende a presente acta da que eu, como secretario, dou fe.

O ALCALDE- PRESIDENTE,

O SECRETARIO,

Asdo. José Luis Oujo Pouso.

Asdo. José Manuel González García.